

Eliacer Cansino  
**As mans transparentes**



*O augador de Sevilla*  
Diego Velázquez, contra 1620  
Apsley House (Museo Wellington), Londres

Desde hai algún tempo adoito afirmar que as paixóns desmedidas poden acabar por incendiar a quen as vive. E iso, creo, foi o que lle aconteceu ao meu amigo Antonio.

A historia que vou contar, a moitos parecerá-lles extravagante; e non a tería escrito se non precisase contarme a min mesmo o que ocorreu naqueles días. É coma se quixese poñer orde nuns feitos que eu mesmo non entendo e que, no entanto, alteraron para sempre a miña visión do futuro, a unión do grupo de colegas e, sobre todo, a vida de quen ata daquela fora o meu mellor amigo.

Todo principiou o verán do último curso do instituto. Dos que formabamos o grupo, só Antonio aprobara aquel ano, polo que decidiu que iría a Madrid visitar O Prado. Como quería ser pintor,

semellaba o propio. Aos demais non nos quedaba outra que permanecer na vila estudando ata setembro. Calquera se atrevía a lles pedir permiso aos nosos pais para viaxar. De todos os xeitos amoloume que decidise ir só, xa que ata daquela todo o fixeramos xuntos.

—Pero, vas ir ti só a Madrid? Podías esperar a que me examinase.

—Non, Xonás, —Xonás é o meu nome— non é que vaia ir só, é que teño que ir só. Ninguén me pode acompañar nesta viaxe. Teño que facer dúas viaxes só: esta de Madrid e a da miña morte.

Gustáballe impresionar e usaba esas expresións. Daquela non lle dei importancia, só co tempo pensei que aquela fora unha frase rara.

Estabamos debaixo da parra do «Aquilino» cando me dixo o de viaxar a Madrid. «Aquilino» era a pousada que había camiño das hortas. Puxémola de moda durante o verán. Antes só ían alí vellos tomar augardente pola mañá e tinto pola noite; ata que Antonio foi unha tarde, redescubriuna, e regresou coma un iluminado: «Descubrín o xardín de Epicuro,

mañá habemos ir todos xuntos». Os primeiros días, os vellos mirábannos con desconfianza e sorna, pero aos poucos fóronse afacendo á nosa presenza. Non os molestabamos, ao revés, serviámoslles de distracción entre tanta cousa cotiá repetida.

Aquilino, ao principio sentiuse desconcertado, pero non lle torceu o fociño á nosa presenza. Oíra que algúns bares se poñían de moda e que daquela os donos se facían ricos. Antonio cambioulle o nome: «Pousada Aquilino» por «O xardín de Aquilino», e pediulle permiso para cubrir unha das paredes cun graffiti algo surrealista no que, ao seu xeito, nos representou a todos coma filósofos no xardín do pracer. Aínda lembro a tarde que o fixo: o olor da pintura, as músicas de fondo que tanto nos gustaban, e, sobre todo, véxoo a el, con aquela decisión coa que manexaba o spray, coma o Zorro coa espada, cando marcaba o z na fronte dos seus adversarios.

Empezamos a xuntarnos alí todos os días, Antonio, Marta, Zulema, o Indio e mais eu, despois da academia. Antonio co título *A historia interminable* baixo o brazo, e nós cos libros de texto esborrachados e os cadernos cheos de frases e slogans:

«A sabedoría perségue-me, pero eu son máis rápido», «O esencial é invisible aos ollos»... Frases manidas, afirmacións da personalidade fronte ao exterior cando todo é dubidoso dentro dun mesmo. A frase de Saint-Exupery era a preferida de Zulema. Estaba convencida da existencia dun sexto sentido para captar a vida, máis próxima da intuición que da razón, máis coma un can que coma un home: «Os homes non ven porque só miran cos ollos». Zulema era amable, divertida, espontánea. Gustáballe estar cos amigos, pero sen se comprometer con ningún. Ao contrario que Marta, que en canto viu o Indio fixo todo o posible por se emparrallar con el. Marta deixábase levar pola beleza física, atraía a musculatura, a forza, a bravuconaría... e Miguel —chamabámoslle o Indio porque era campión de arco— posuía todas esas calidades. Antonio metíase con ela: «amas demasiado o corpo, pero só a beleza do espírito perdura, é eterna». «Un corpo contrafeito pode conter o espírito dun xigante», dicía eu, e Antonio confirmábo: «o espírito dun xigante, iso, capaz de suxeitar o ceo». Pero Marta non lle botaba conta: «se fixeses máis deporte,

no canto de pasar tantas horas encerrado nesa covacha onde pintas, terías outra opinión». El ría e defendíase: «o campo está feito para os animais, a casa para o home».

Zulema, pola contra, prefería non namorar. «Cando namoras», dicía, «só queres a un e o queres para ti soa. Iso non é amor, é egoísmo. O amor ten que ser universal ou non é; o amor a unha soa persoa é un disfrace do egoísmo».

Antonio acudía ás reunións cando lle petaba. Tiña o privilexio dos artistas. Nunca o viamos estudar pero os seus resultados eran excelentes. Cando chegaba semellaba que viña doutro mundo, coma se saíse á superficie e lle custase respirar o aire que respirabamos todos. Sempre traía as mans cheas de pintura. «En realidade, as miñas mans son transparentes», dicía, «mans que non se verían se non estivesen manchadas de pintura, mans de artista, non como as vosas que só serven para pelar patacas. Para que usades as mans? Para comer, para poñer os calcetíns?». Eu miraba as miñas instintivamente cando lle oía dicir isto e daquela sempre

me dicía: «cóidaas, Xonás, coida as túas mans ou rematarán sendo uns pezuños. Tes que aspirar a ter mans transparentes, coma as miñas». Todos, daquela, observabamos as súas mans cheas de pintura, e riámonos da súa ocorrencia.

Aquel verán tomamos decisións importantes para o noso futuro: eu estudaría filosofía; el, belas artes. Eu sempre pensara estudar historia, pero o noso profesor non era quen de atraer a ninguén. Nin un náufrago solitario, que levase vinte anos nunha illa, se achegaría a oílo falar de historia. Máis ben semellaba disposto a espantar a quen se achegase á súa disciplina. Pola contra tivo o acerto ou o erro, segundo se mire, de poñer nas miñas mans un libriño, *As meditacións de Marco Aurelio*, que me interesou vivamente. Talvez nel descubrí a miña vocación e aprendín que algúns libros son coma chaves que permiten abrir novas portas.

—Pasadomañá marchó a ver O Prado —dixo aquela tarde na que se tombaron os parasoles e resultou tan ventosa que tivemos que nos meter dentro—. Este vento é un presaxio, Xonás, este

vento dime que debo botar a voar xa, antes de que me faga vello —vello, para el, eran trinta anos—. Aquí xa ninguén me vai dicir nada, Xonás. E teño que saber o que significa pintar. Que é ser pintor?

—Iso que dis é unha estupidez.

—Ti cres?

—Así non vas a lado ningún. O que tes que facer é pintar. Só pintar e non preguntarte por que pintas. O resto dirao a pintura.

—Non tes nin idea. Cres, coma case todos, que esta é a arte da brocha. Pintar, pintar! Como o vou facer sen saber o que significa?

—Pero, ti decátaste do que dis? Que significa unha árbore?, que significa un can? E ti?, e eu?, que significamos? As cousas son o que son. Ti o que tes que facer é mirar, ver, facer, e deixarte de significados.

—Ese é o erro: facer sen saber o que se fai. Coma o burro coa frauta, a ver se acertamos por casualidade.

—O importante é acertar, non si?

—Para min, non! O importante é pintar de verdade e a conciencia. Eu non me conformo con



reproducir as cousas, para iso xa está a fotografía. Eu quero pintar o esencial, o que non se ve na superficie.

—Paréceme que es ti o que debería estudar filosofía. Moitas ideas e pouco pincel.

—*Vade retro, Satanás.*

Si, esa era outra das súas frases preferidas. Cando se vía pillado, soltaba ese latinorio, esa xaculatoria que non sei onde aprendeu: *Vade retro, Satanás.*

Foi para uns días e tardou máis dun mes en regresar. Non só estivo en Madrid. As súas postais fóronme indicando os seus pasos e o asombro dos seus descubrimentos: París: «Vin os impresionistas, vaia impresión!»; Ámsterdam: «Por fin, Van Gogh. Que tristeza e que forza!»; e Londres: «Pasei dúas horas fronte á pintura *O vendedor de auga de Sevilla*, xa che contarei; pero a ti mándoche esta postal da *Venus do espello*, sabendo os teus gustos gozarás máis con ela».

Fun esperalo á estación cando regresou. Viña exultante, iluminado, coma se trouxese o santo graal na mochila.

—Atopeino Xonás, atopeino. A solución a todos os meus problemas tena Velázquez. Non cho podo describir, é outra cousa.

—Non mo podes describir? Un pintor non sabe describir un cadro? Que aprendiches daquela?

—O que significa ser pintor. Aquilo que ti dubidabas que puidese achar. Agora seino e xa nada me pode afastar do meu destino.

Boteime a rir ao oílo falar con tanta grandilocuencia, pero notei que o molestara a miña risa, quero dicir que notei que o molestara dun xeito pouco usual.

—E ben? Por que dis que Velázquez é a solución a todos os teus problemas?

Quedoume mirando cun leve sorriso de superioridade e só de alí a uns segundos, respondeu:

—Cres que che entregaría un segredo así sen esforzo ningún pola túa banda? O que está reservado para uns poucos non se lle pode dar ao común dos mortais.

—Déixate de lerias! Eu non son o común dos mortais. Son o teu mellor amigo. Se eu posuise

algún segredo, cres que non cho habería de dicir que o gardaría para min só?

—Se fose coma o meu, gardaríalo. Entre outras cousas porque ninguén te habería crer.

No Aquilino o ambiente cada día estaba máis animado. Ao ver o éxito con que outros mozos comezaban a se achegar por alí, Aquilino foi á cidade e conseguiu unha máquina de xogos. Estaba algo anticuada, de marcianos. *Invasores do espazo* ou algo así. No entanto permitía xogar por parellas, íanse acumulando os puntos e despois sumábanse e saía o gañador. Todos os días botabamos incansables partidas. Competiamos con saña, cunha rivalidade que se foi agreando e convertendo nunha guerra sen cuartel, case a mesma que tiñamos na pantalla co láser e as naves invasoras. Formáramos parellas: eu xogaba con Zulema, o Indio con Marta, e Antonio prefería xogar só. Tamén niso, coma en tantas outras cousas, era un individualista incorrrible. Competiamos todas as noites; o que perdía pagaba as bebidas. E non había xeito de lle gañar á parella do Indio e Marta; sempre, ou pagabamos nós ou lle tocaba a Antonio.

Unha noite, se cadra espoliado polo fracaso continuo e as bromas mordaces de Marta —«o pintor, que pague a consumición!», encirraba ela—, enfadouse. Dixo que fixeran trampas. Que mentres fora ao váter, o Indio xogara a partida por ela. «A calar e a pagar!», dixo o Indio. «Vai pagar teu pai, tramposo!». Alí debeu quedar todo, pero de súpeto, Antonio adoptou un aire rouco, groseiro, inesperado e comezou a insultarnos, que se estabamos confabulados, que se eramos o grupo máis grande de imbéciles cos que batera nunca. «Ti, sobre todo ti, es un cretino», díxolle ao Indio, «e a túa ami-guiña, que parece que ten *manciñas de anxo*, que nunca rompe un prato, tamén», e sinalou cos ollos inxectados de rabia a Marta. O Indio sentiu que lle fervía o sangue, e sen se arredar, sabedor de que no corpo a corpo era superior, contestoulle: «É ti?, *manciñas de merda*, que iso é o que es, con esas mans sempre sucias de pintura». Para que lle dixera aquilo... Sen mediar palabra, Antonio tiroulle a botella de cerxexa que tiña na man e deulle na cabeza. O Indio caeu no chan de golpe, coma se lle metesen un tiro. Nunca antes nin despois vin alguén caer tan redondo.

Marta pegou un berro deses que dan as mulleres cando o pánico as sorprende. Zulema paralizada, coas mans na boca, sen reaccionar. E eu sen saber o que facer, se ir cara a Antonio ou se acudir en axuda do que estaba deitado. Finalmente, optei polo segundo. O Indio non se movía, completamente inconsciente, desgonzado no chan, e ao intentar erguerlle a cabeza vinme as mans manchadas de sangue. Daquela, cando xa se achegaran todos, ao ver a confusión, Antonio dirixiuse a min, e díxome —aínda non o podo crer—: «ti, traidor, ti tamén!, conta!, conta ata dez!, porque se non se ergue, *manciñas de merda* gaña o combate por KO». E inmediatamente deu media volta e sen alixeirar o paso, cunha frialdade que me paralizou, foi onde estaban as motos, colleu a súa Yamaha e saíu facendo un cabaliño.

Entre todos colocamos o Indio nunha hamaca que trouxo Aquilino da rebotica; permanecía inmóvil, inconsciente todo o tempo e co sangue visible polo pescozo. Tomou o mando da situación un mozo co que despois me vin algunha vez. Chamábase

Ramón e estudaba medicina. É curioso o poder do coñecemento en determinadas circunstancias. Fronte ao nerviosismo, a torpeza que provoca o pánico, o que posúe o coñecemento eríxese nunha estrela que sinala o norte; os demais, ás súas ordes. Fixo catro movementos propios do que sabe: suxeitoulle a lingua, abriulle os ollos, tomoulle o pulso, apertoulle cun pano a ferida, e mandou chamar unha ambulancia. «Respirar, respira» —dixo— «e mantén o pulso, pero dura xa demasiado o desmaio». O mozo mantívose todo o tempo ao seu carón, ata que chegou a *urxencia*. Baixou unha médica, e o estudante daquela cedeulle o mando. Alí mesmo colocáronlle os cables para un electro, inxectáronlle algo, subírono a unhas angarellas e introducírono na ambulancia. Cando esta arrancou fíxoo a toda présa e coa sirena prendida, deixando ao seu paso un rastro de estupor e de desolación.

A policía municipal non tardou en chegar. Probablemente alarmada ao paso da ambulancia ou alertada polos seus tripulantes, presentouse no Aquilino ao redor de media hora máis tarde. E, segundo me contou despois o mozo estudante de

medicina, estivo a lles facer preguntas a todos. Para daquela eu xa chegara ao ambulatorio coa miña moto, pero informáronme de que a Miguel, o Indio, o levaran ao hospital comarcal. Non me atrevín a seguir pola estrada os vinte quilómetros que nos separan da cidade, así que sentei nun banco á saída do ambulatorio. Alguén esquecera alí un xoguete, un deses monstros transformables, dun azul refulxente, case eléctrico. É curioso como os ollos seguen a gravar na memoria aínda que a conciencia estea noutra cousa. Collín o boneco e comecei a manipulalo. Con el nas mans sorprendeume a policía, que me pediu que a acompañase á comisaría para me facer unhas preguntas.

Contei exactamente o que acontecera, procurando en todo momento quitarlle ferro ao asunto, asegurándolles que nunca antes Antonio tivera unha reacción así. Pedíronme que os guiase ata a súa casa. Estaba nos arrabaldes a máis de dous quilómetros. Unha casaña pequena: tellado, cheminea, dúas ventás; desas que semellan feitas para as cartillas de primeiras letras onde por primeira vez se nomea: «a casa». Preocupábanme os seus pais,

o momento en que abrisen a porta e me visen alí diante coa policía preguntando polo seu fillo. Pero, que podía facer eu? Deixei-me levar. Que fose o que Deus quixese. O disparate estaba feito e só se o Indio se recuperaba quedaría todo nun episodio de mala sorte.

Aínda que no verán os días se alongan desmesuradamente, a esa hora estaba xa escurecendo e o ceo deixaba caer desde arriba un azul que se facía máis denso ao contacto coa terra. Un azul coma o do boneco que de súpeto me decatei que aínda continuaba na miña man. Tireino pola ventá, temendo que a policía me fose preguntar por el, cun infantilismo que agora me sorprende. Nun xiro da estrada sinaleilles a casa. A casa aínda en paz, pensei ao vela perfilada sobre a paisaxe, e á que en breve azoutaría o vendaval das malas noticias. Aparcamos enfronte. Un dos gardas adiantouse e chamou á porta. Abriu María, a nai de Antonio. Eu non era quen de mirala. O garda preguntoulle se estaba alí o seu fillo. Tiñan que lle facer unhas preguntas. «Ocorreu un accidente», dixen eu ao vela descompoñerse. O garda díxome que calase.



E iso alarmou máis aínda a muller, que chamou polo seu home. «Houbo unha pelexa», dixo o garda para situalos, «e temos que lle facer unhas preguntas ao seu fillo». «Pero pasou algo grave?», «Non sabemos» —respondeu o que levaba a batuta—. «O meu fillo está no seu estudio», dixo a nai. Fixéronnos pasar e María pedíume que fose eu, que coñecía a casa, avisalo.

Tereino contado cen veces e nunca cambiou un ápice o meu testemuño: Chamei e como non respondía abrín a porta. Antonio estaba de costas fronte ao seu cabalete. De costas e espido. A imaxe estarreceume. Nunca vira a Antonio espido. «Antonio?» Non se virou nin fixo o menor ademán de que notara a miña presenza. Deume medo entrar. «Antonio, son eu, Xonás». Seguiu de costas e ergueu o seu brazo e deu unha pincelada no lenzo, absorto na súa obra ou, simplemente, alienado. «Antonio, vístete», díxenlle. «Espéranse fóra. A policía veu polo do Indio». Nada, silencio. Deu un paso cara atrás comprobando o efecto da última pincelada e volveu achegarse insistindo minuciosamente no cadro. Achegueime con precaución, pois

xuro que pensei que perdera a cabeza. O cadro que pintaba impresionoume pola exactitude con que o lograra: era a man e a copa que suxeita *O vendedor de auga de Sevilla*, de Velázquez, cuxa copia se atopaba a un lado fronte a el nun póster de grandes dimensións. «Antonio, veño acompañarte...». Daquela virouse. De fronte, aínda me impresionou máis a súa nudez e paseille unha camisa e mais un pantalón que vin caídos no chan. «Ponos, por favor», dixeron, «non quero que os teus pais te vexan así». «Non son os meus pais», respondeu. «Pero, está ben, fareiche caso e vestireime para que non che dea vergoña cando me entregues. Ti tamén me has dar un bico?»

Non sei se pasou moito tempo ata que oín a voz de María chamándonos, pero nese tempo breve ou longo intentei procesar tanto desconcerto: non son os meus pais, Xudas —aínda que non o dixo así—, a copa do *Vendedor de auga*, a súa nudez ostentosa... Cando o garda e mais os seus pais se achegaron a ver por que tardabamos, Antonio xa estaba vestido. Vino acercarse á copia de Velázquez e pasar a man por ela. Despois, adrede, pousou a outra man na paleta de pintura: «mans de merda», dixo,

amosándomas, e miroume con desprezo. «Tes que acompañarnos rapaz», oímoslle dicir ao policía. Os pais xa estaban ao tanto da agresión, porque non opuxeron resistencia, e o pai só pediu un momento para coller a carteira e acompañalo. Daquela Antonio alzou a voz cunha firmeza que nos fixo deter a todos: «Non quero que me acompañe ningún, desde agora xa estou só». O pai iniciou unha súplica que Antonio concluíu terminantemente: «Díxencho, non teño nada que ver contigo». Ninguén insistiu. Cando saímos era xa de noite e ao prender os faros cruzóusenos o can de Antonio, que empezou a ladrar rabioso coma se non recoñecese xa a ningún dos dous.

O Indio non volveu en si ata dous días despois e cando o fixo aínda debeu permanecer un mes en observación no hospital. Os médicos dixeron que o golpe na sen coa botella e o da caluga ao caer puideron matalo. Tanta gravidade fixo que os pais do Indio non se aviñesen a ningún acordo, e desde o primeiro momento presentaron unha denuncia por agresión con resultado de lesións e perigo de morte, e Antonio pasou directamente do cuartel ao furgón

que o habería de levar a un centro de internamento, á espera de que o xuíz determinase o seu grao de responsabilidade.

Foi naqueles primeiros días do internamento preventivo de Antonio cando descubrín algo que, lonxe de poñer luz no acontecido, aínda me desconcertou máis. Antonio pedíralle á súa nai que lle levase o seu caderno de debuxo, os lapis, o póster do *Vendedor de auga*, e o libro d'A *historia interminable*. Como durante aquela semana me achegaba á súa casa todos os días por ver se había novas, os seus pais pedíronme que buscase o que o seu fillo lles pedira, xa que eles non adoitaban entrar no estudio e descoñecían a orde deste. Fíxeno. Despeguei o póster do *Vendedor de auga* que estaba sobre a parede, completei a súa caixa de lapis con todos os que tiña soltos sobre a mesa de traballo, e introducínlle pola miña conta unhas gomas de borrar e o esfumador que lle vira usar. O libro, pola contra, foime máis difícil achalo e mentres o buscaba descubrín que había moitos cadros coa mesma copa que pintaba o día que viñeron por el: unhas insinuadas, outras riscadas, outras francamente

fracasadas, pero ningunha tan perfecta coma a que aínda permanecía no cabalete. Confeso que me chamou a atención tanta repetición e confirmei unha vez máis que Antonio traballaba sempre en serio. Finalmente vin o libro, ou supuxen que era ese antes de collelo, pois asomaba por debaixo da almofada. En efecto, era *A historia interminable*. Na portada tiña o *ex libris* que lle regalara Zulema coa súa frase preferida: «O esencial é invisible aos ollos». E no interior, visible aos meus, aínda que probablemente invisible ao meu corazón, un papel dobrado. Desdobreino sen cuestionarme que fose privado ou non. E, escrito coa súa letra, lin o seguinte:

*20 de abril*

*(No Prado, despois de tres días de espera mirando os seus cadros, oio por fin a voz de Velázquez)*

*Pregúntasme como debes pintar:*

*Toma unha copa de auga e pinta cen veces, dúascentas, como fixen eu algunha vez. Algún día poderás beber dela e cando bebas desa copa verás con transparencia.*

*Cando vexas con transparencia non queredes pintar. Aínda así seguirás, coma min, intentando ser fiel a unha devoción xa antiga, un ano, dous anos, dez...*

*Un día sorprenderaste lembrando que pintabas, que eras pintor e buscabas a transparencia. Ese día xa estás na transparencia e daquela a pintura parecerache unha lembranza feliz da infancia.*

Copieino tal como está aquí transcrito e gardei a copia no peto. Naquel momento suxestioneime de tal xeito que o crin un milagre. Despois fun poñendo razóns no irracional, pero nunca logrei reducir de todo o poder extravagante dese escrito. Porque é posible que Antonio o inventase todo, pero non son quen de crelo. El endexamais escribiría aquilo. Quizais o copiou dalgún lado, pero eu non o sei. O que si podo asegurar é que esas palabras non lle pertencen. Alguén llas ofreceu. Quen? Ignóroo.

En canto a: «Non son os meus pais», palabras que escoitei da súa boca e que tanto me estarreceron aquel aciago día, só llo comentei a Zulema. Se llo dixese a Marta rebuscaría ata nas partidas de bau-

tismo, pero Zulema, como ela é, díxome que o deixase, que pensase só no futuro e que esquecese para sempre aquel verán.

Este Nadal, porque mo pediu Zulema, regresei á vila e subín con ela ao Xardín de Aquilino. Polo camiño, Zulema díxome que me quería revelar algo que non me contara daquela, que cría saber por que Antonio fixera aquilo.

—«Sabes?» —díxome—. Un día antes do accidente, Antonio declarouseme. Foi moi embarazoso, porque en realidade nunca me fixara nel desexito. Díxenlle que o sentía, pero que non me gustaba como para sermos noivos. Entón enfureceuse como non o vira nunca facelo e empezou a insultarme e a dicirme que todos eramos uns farsantes. Vino tan exaltado que saín correndo, e el correu tras miña e, case chorando, rogoume que non llo dixese a ninguén. E non o fixen ata hoxe.

Escoitei a Zulema sen excesiva sorpresa, coma quen está curado de espanto, e permanecín en silencio sen dicir nada. Acaso podía ser esa a causa de tanto desatino?

Por fin chegamos arriba. Como só abre no verán, o Aquilino estaba cerrado e as mesas amoreadas baixo uns plásticos. O inverno principiaba a facer estragos no recinto. Todo se vía húmido e con verdello. Un dos canizos caera co vento, e na parede do fondo apenas podía verse, esvaecido, o graffiti de Antonio. Novos *graffiteiros* tomaran aquela parede por diana das súas invencións e converteran o noso xardín nun galimatías sen sentido. Que confuso aparecía todo! Tan confuso, pensei, coma a mesma vida.